



PREGUNTAS FRECUENTES

AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA, DURANTE O VERÁN DE 2016, CO OBXECTO DE COÑECER A LINGUA DESE PAÍS

CONVOCATORIA

1. Onde está publicada a convocatoria e as súas bases?

Está publicada no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) número 18 do 28 de xaneiro de 2016 e corresponde á Orde do 21 de decembro de 2015.

2. Onde podo consultala?

Podes consultala nos seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/18070>

The screenshot shows a web browser window displaying the page for the call for applications. The page title is "Convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2016, co obxecto de coñecer a lingua dese país". The page content includes a navigation menu, a search bar, and a main section with the following text: "Xúntase a Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2016, co obxecto de coñecer a lingua dese país." Below this, it states: "O prazo de presentación de solicitudes será ata o 14 de marzo de 2016." and "Orde do 21 de decembro de 2015. Axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún estado da Unión Europea (DOG)". There are also buttons for "IMPRIMIR", "RECOMENDAR", and "CÓSTAME" (72).

<https://sede.xunta.es/portada>

The screenshot shows the homepage of the Xunta de Galicia website. The page features a navigation menu with options like "PROCEDIMENTOS E SERVIZOS", "SERVIZOS COMÚNS", "QUE É A SEDE?", "CARPETA DO CIDADÁN", and "AXUDAMOSLÓ". There are several sections: "Avisos" with a notice about Chave365, "Guía de procedementos e servizos" with a table of "Últimos publicados" and "Máis consultados", and "Información sobre a sede" with a list of services. The table of "Últimos publicados" includes the following information:

Últimos publicados	Máis consultados	En prazo
Prazo de presentación de solicitudes: 18/02/2016 - 03/03/2016 ED534A Inscripción para a proba para a obtención do título de atos	ED116A Axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún estado membro da Unión Europea, durante o verán, co obxecto de coñecer a lingua dese país	Prazo de presentación: 25/01/2016 - 14/03/2016
Prazo de presentación de solicitudes: 05/02/2016 - 05/03/2016 MRO06A Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais		
Prazo de presentación de solicitudes: 03/02/2016 - 02/03/2016 I04211 Axudas a particulares para proxectos técnicos de biomasa		
Prazo de presentación de solicitudes: 01/02/2016 - 15/02/2016 ED550A Reserva de praza, cambio dun centro a outro ao que se estea adscrito.		



3. Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

Desde o **29 de xaneiro ata o 14 de marzo de 2016**, ambos inclusive.

4. Quen pode solicitala?

O alumnado universitario matriculado nalgunha das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (en diante, SUG) ou nos centros asociados da UNED en Galicia durante o curso académico 2015/16.

5. Cantas axudas se convocan?

Cento cincuenta axudas (150).

6. Cal é a súa contía?

Máximo de 900 euros.

7. En que período hai que realizar a estadía?

No período comprendido, exclusivamente, entre o **15 de xuño e o 31 de agosto de 2016**, ambos os dous incluídos.

8. Onde podo resolver as dúbidas?

- Se son dúbidas relacionadas coa convocatoria, teño que dirixirme a: orientacion.sug@edu.xunta.es.
- Se son consultas telefónicas, teño que chamar aos teléfonos 981 54 44 03/44 30/54 33 do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.
- Se quero resolvelas na propia consellería, teño que dirixirme á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Universidades, Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, no enderezo: Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña.
- Se son dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou preciso máis información durante o proceso de obtención dos formularios, podo chamar ao 012 (teléfono de información) ou enviar un correo electrónico ao enderezo: 012@xunta.es.



9. Que requisitos debo cumprir?

a) Estar matriculado no curso 2015/16, como mínimo en 50 créditos, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica e **ter superado 60 créditos con anterioridade á data de publicación da orde na titulación que está a realizar.**

O alumnado que estea matriculado no Traballo Fin de Grao poderá incluír os créditos que lle correspondan dentro do mínimo dos 50 créditos esixidos.

b) O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

10. Como alumno/a de primeiro curso, podo solicitar esta axuda?

Non, o alumnado de primeiro curso non ten superado 60 créditos con anterioridade á data de publicación da orde de convocatoria.

11. Que supostos están excluídos desta convocatoria?

a) Se resultou beneficiario desta axuda en anteriores convocatorias.

b) Se é un alumno/a que durante o curso 2015/16 sexa adxudicatario dunha bolsa do programa comunitario de mobilidade Erasmus +, e desexe realizar unha estadía para perfeccionar a lingua oficial do país no que está a desenvolver o devandito programa.

12. Como estudante dun máster universitario oficial nunha universidade do SUG, podo solicitar esta axuda?

Non, esta axuda non vai dirixida ao alumnado de máster universitario.

13. E se estou matriculado/a nun curso ponte para obter unha titulación de grao?

Si, sempre que se cumpran os requisitos que se sinalan na orde de convocatoria.

14. Son un estudante que participa neste curso académico nun programa comunitario de mobilidade Erasmus+ (ex.: Italia). Podo solicitar esta axuda para realizar un curso de idiomas en Irlanda?



Si que podes xa que no Erasmus+ perfeccionaches o italiano e o curso que queres desenvolver en Irlanda é de inglés, idioma oficial do país que elixiches.

15. Quero solicitar esta axuda pero atópome cursando os meus estudos en Irlanda a través dun programa de mobilidade Erasmus+ e desexo perfeccionar o inglés durante o verán no Reino Unido. É posible?

Non, porque tanto Irlanda como o Reino Unido comparten o mesmo idioma oficial.

16. Actualmente desenvolvo unha estadía en Alemaña a través dun programa de mobilidade Erasmus+ e desexo perfeccionar o alemán durante o verán neste país. Podo solicitala?

Non, non podes solicitala xa que a estadía que pretendes realizar é para perfeccionar a lingua oficial do país no que estás a desenvolver o devandito programa no curso 2015/16.

17. Que documentación necesito achegar xunto co formulario de solicitude?

Xunto co formulario de solicitude (anexo I, modelo normalizado ED 416 A) deberase achegar:

a) Copia do DNI ou do NIE cando non autorice á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os seus datos no Sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

b) Copia dixitalizada da certificación académica completa emitida pola universidade correspondente, nun período non anterior a un mes á data de presentación da solicitude, na cal se farán constar as materias ou créditos en que estás matriculado/a no curso académico 2015/16, así como a nota media do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, o 27 de xuño de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a valoración dos expedientes académicos, cuxa publicación no DOG foi acordada pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro).

O alumnado que estea cursando estudos de 2º ciclo de ensinanzas LRU, por acceder desde unha titulación de 1º ciclo, deberá enviar ademais unha copia dixitalizada da certificación académica relativa ao primeiro ciclo realizado. Igualmente, o alumnado que estea cursando



estudos oficiais de grao por acceder desde unha titulación de primeiro ou primeiro e segundo ciclo, deberá presentar unha copia dixitalizada da certificación académica completa emitida e selada pola universidade correspondente, nun período non anterior a un mes á data de presentación da solicitude, na cal se inclúa o recoñecemento das materias cursadas nestes.

c) Programa do curso de idiomas para o que se solicita a axuda, no que deberán figurar o centro e lugar de destino, o período de duración, as datas de realización do curso e o número de horas lectivas semanais.

18. Cando se solicita unha “copia dixitalizada da certificación académica completa emitida e selada pola universidade correspondente”, refírese á certificación académica oficial ou vale con imprimir o expediente académico que aparece na secretaría virtual dunha das tres universidades do SUG ou nun dos centros asociados da UNED en Galicia?

Non serve o extracto do expediente académico por non ter valor oficial. O que debe presentarse é a certificación académica oficial ou copia cotexada.

Na certificación académica que presentes, terán que constar as materias ou créditos nos que esteas matriculado/a no curso 2015/16, así como a nota media do expediente académico.

19. Como se calcula a nota media do expediente académico ?

A nota media do expediente académico dos estudantes do Sistema universitario de Galicia calculase de acordo cos parámetros reflectidos no punto segundo da Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos (DOG do 30 de setembro).

20. Onde encontro información da oferta de cursos no estranxeiro?

A través de páxinas web, axencias e empresas que xestionan e organizan cursos de idiomas, información que remiten familiares, amigos, etc.

O solicitante elixe tanto o lugar de destino como o centro de idiomas que lle interese.



21. Que programa do curso de idiomas hai que entregar?

Xunto coa solicitude, hai que entregar a copia do programa do curso que se quere realizar (non se esixe neste momento facer a inscrición nun centro).

22. Que debe figurar no programa do curso?

- Centro de estudos
- Lugar de destino
- Período de duración (mínimo de tres semanas)
- Datas de realización do curso (entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2016, ambos os dous incluídos)
- Número de horas lectivas semanais (mínimo 15 horas)

LEMBRE que o idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

23. En que países podo desenvolver a estadía?

En calquera dos Estados membros da Unión Europea: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía e Suecia.

24. Cales son as fases do procedemento ED416A?

a) Presentación da solicitude dentro do prazo: **ata o día 14 de marzo de 2016.**

b) A Secretaría Xeral de Universidades comprobará se todas as solicitudes teñen a documentación completa. Unha vez comprobado **publicarase a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas** para que poidades presentar a documentación que vos falte ou emendar algún erro.

c) Unha vez revisadas todas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos ordenaranse polo criterio da nota media máis alta. Por último **resolverase a convocatoria, na que se incluírá a listaxe dos beneficiarios das axudas concedidas, de suplentes e de solicitudes denegadas.**



25. Debo entregar toda a documentación no prazo de presentación de solicitudes?

O que debes presentar en prazo é o formulario de solicitude (anexo I, modelo normalizado ED 416 A). Non presentalo en prazo significa que non optarás á axuda.

http://www.xunta.es/formularios/generarPlantillaPDF?conselleria=ED&procedemento=416A&version=0 - Windows Internet Explorer

Por favor, rellene el siguiente formulario. No se pueden guardar datos escritos en este formulario. Imprima el formulario completo si desea tener una copia de los registros. Resaltar campos existentes

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA, DURANTE O VERÁN, CO OBXECTO DE COÑECER A LINGUA DESE PAÍS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED416A 	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

HOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA HOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

HOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

26. Cal é o prazo para emendar a solicitude, no caso de que non estivese debidamente cuberta ou non presentase a documentación esixida?

O prazo de reclamación será de dez (10) días desde que a Secretaría Xeral de Universidades publique a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando os motivos de exclusión.

27. Que ocorre se non emendo os erros ou a falta de documentación no prazo de reclamación establecido pola Secretaría Xeral de Universidades?

Se non o fixeras así considerarase que desistes da túa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



28. Onde podo consultar as listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación?

- No portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/portal/node/18070>)
- Nos taboleiros de anuncios e nas xefaturas territoriais da citada consellería.
- Nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas (UDC: www.udc.es, USC: www.usc.es, UVIGO: www.uvigo.es).

29. Onde debo presentar a documentación complementaria?

A documentación complementaria presentárase mediante o modelo “*Emenda ao requirimento*” dispoñible no seguinte enlace (<https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>) nalgunha das principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia e doutras Administracións que se sinalan neste documento.

The screenshot shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' website interface. The main content area displays a form titled 'XUNTA DE GALICIA' for 'EMENDA AO REQUIRIMENTO'. The form includes fields for 'DATOS DA PERSOÑA SOLICITANTE', 'ENDEZEO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN', and 'DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA'. A sidebar on the left contains a menu with the following items: 'Representación', 'Emenda ao requirimento', 'Ampliación do prazo de requirimento de emenda', 'Achea de documentación separada da solicitude', and 'Modificación dos datos de notificación'. A red arrow points to the 'Emenda ao requirimento' link in the sidebar.

30. Que se valora para conceder a axuda?

Valórase o expediente académico e obterán a axuda os que teñan unha cualificación de nota media máis alta.



31. Quen terá preferencia se empatan dous ou máis alumnos/as coa mesma cualificación da nota media do expediente académico?

Terá preferencia para a concesión da axuda aquel alumnado que teña superado un maior número de créditos.

32. Elaborarase unha listaxe de suplentes?

Si, a comisión avaliadora elaborará unha listaxe de suplentes por orde de puntuación do expediente académico co alumnado que, malia reunir os requisitos esixidos, non acadou un número de orde que lle permita ser adxudicatario da axuda.

33. De que forma se me notifica a concesión da axuda, se se produce unha renuncia ou baixa na listaxe de beneficiarios?

Se resultas seleccionado e figuras na listaxe de suplentes, recibirás unha notificación da Secretaría Xeral de Universidades informándoo da súa concesión.

34. Cando se publica a resolución definitiva destas axudas?

A resolución definitiva destas axudas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal educativo desta consellería <http://www.edu.xunta.es/portal/node/18070>

35. Que documentos xustificativos hai que presentar na Secretaría Xeral de Universidades unha vez concedida a axuda e despois de ter realizado o curso de idiomas?

Os documentos xustificativos que debes presentar son:

a) "Orixinal ou copia cotexada do certificado de asistencia ao curso para o que lle foi concedida a axuda. O certificado deberá especificar o lugar, datas de realización, duración do curso (mínimo tres semanas) e o número de horas lectivas semanais (mínimo 15 horas semanais)".

No caso de estar en lingua estranxeira deberá traducirse para algunha das linguas oficiais desta comunidade autónoma.

b) Orixinal ou copia cotexada da documentación acreditativa dos gastos derivados do desprazamento de ida e volta do país de orixe ao país de destino.

36. Cando remata o prazo de xustificación do curso de idiomas?

O prazo de xustificación remata o **día 10 de setembro de 2016**.



37. Que ocorre se non xustifico no prazo sinalado?

Se non presentas a documentación xustificativa de que realizaches o curso de idiomas e os outros gastos no prazo que se fixa na convocatoria (10 de setembro de 2016), **terás que devolver a contía percibida.**

38. Onde se ingresa o importe da axuda?

Na conta bancaria indicada na solicitude.

39. Cales son as miñas obrigas se resultado beneficiario/a da axuda?-

- a) Remitir á Secretaría Xeral de Universidades, unha vez finalizada a actividade, a documentación que se solicita no artigo 12.
- b) Comunicar por escrito a renuncia á axuda no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.
- c) Informar o órgano que concede a axuda da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.
- d) Facilitar toda a información que me sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como da Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º. k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Acreditar mediante certificación que estou ao día no cumprimento das miñas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

40. Son incompatibles estas axudas con calquera outra para o mesmo fin?

Si, son incompatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que as conceda.



PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (PROCEDIMENTO ED 416 A)

COMO SOLICITO A AXUDA?

Paso 1:


- Entro na web. <https://sede.xunta.es/portada>
- Busco na Guía de procedementos e servizos o procedemento ED 416A



Paso 2:

Elixo unha das dúas **formas de presentación**:

- Tramitación en liña (sede/vía electrónica)
- Presencial (formato papel)





PRESENTACIÓN POR SEDE ELECTRÓNICA

1. Que significa presentar a solicitude por sede electrónica (vía web)?

Implica presentar a solicitude de xeito telemático, é dicir, integramente a través da internet (sede.xunta.es) dentro do prazo establecido na convocatoria.

2. Que necesito para iniciar a presentación da solicitude por sede electrónica?

Necesitas ter acceso ao **sistema Chave 365** ou acceder co certificado dixital (**certificado electrónico** admitido pola sede ou **DNI electrónico**).



► **Acceso ao Sistema Chave 365**

3. Que é o sistema CHAVE 365?

É un sistema que permite aos cidadáns maiores de idade identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico



4. Como se solicita?

Se tes certificado Dixital ou DNI electrónico

Debes entrar na páxina sede.xunta.es e acceder a través do icono chave365. Cobres o formulario e remitiranse unha clave ao teu teléfono móbil.

Como se solicita

Se non tes certificado Dixital ou DNI electrónico:

Debes acudir persoalmente a recoller o formulario, e cubri-lo en calquera dos seguintes lugares:

- Santiago de Compostela. Rexistro Xeral Xunta de Galicia, edificio administrativo de San Caetano
- A Coruña. Rexistro de edificio administrativo da Coruña, Praza Luís Seoane s/n, Monelos
- Ferrol. Rexistro do edificio administrativo de Ferrol, Praza Camilo José Cela, s/n
- Lugo. Rexistro do edificio administrativo de Lugo, Ronda da Muralla, 70
- Ourense. Rexistro do edificio administrativo de Ourense, Avenida da Habana, 79
- Pontevedra. Rexistro do edificio administrativo de Pontevedra. Rúa Fernández Ladreda, 43
- Vigo. Rexistro do edificio Administrativo de Vigo, Praza da Estrela, Rúa Concepción Arenal, 8.

Necesitas levar o DNI, NIE (cidadáns extracomunitarios) ou Certificado de Rexistro de Cidadáns da UE e o pasaporte (si eres cidadán da UE e non tes tarxeta de residencia)

Enviarásече unha clave ao número de teléfono que indiques

5. Onde podo obter máis información sobre o sistema CHAVE 365?

No seguinte enlace <https://sede.xunta.es/chave365>



► **Acceso co certificado dixital**

6. Que certificado necesito para presentar a solicitude co certificado dixital?

Necesitas posuír un certificado electrónico admitido pola sede ou un DNI electrónico.

7. Que é un certificado electrónico?

É un certificado que permite identificar electronicamente a unha persoa para que esta poida asinar documentos. O seu uso é fundamental nesta sede, xa que permite asinar electronicamente a información que se envía, asegurando a súa integridade e procedencia

8. Que certificados admite a Xunta de Galicia nesta sede electrónica?

Nestes momentos a sede electrónica da Xunta de Galicia admite o uso dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

1. [DNI electrónico \(DNIe\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#): de persoa física, xurídica e Administracións públicas
3. [AC Camerfirma](#): AC Camerfirma RACER e AC Camerfirma Certificados Camerais

No caso de que use un navegador Internet Explorer (IE) non funcionaría a presentación electrónica de procedementos se o usuario importou máis dun certificado. Por exemplo, non sería posible que se realizase a presentación con IE se hai instalados dous certificados da FNMT, un da FNMT e outro de DNIe.

9. Como podo obter un certificado electrónico?

O procedemento habitual consiste en realizar a solicitude do certificado a través da web da autoridade de certificación correspondente. Posteriormente a persoa solicitante debe acreditar a




súa identidade nalgunha das oficinas habilitadas pola certificadora, onde obterá o código de solicitude que lle permitirá abordar o último paso, a descarga do certificado vía internet. Nestas ligazóns facilítase a información necesaria para a obtención dos certificados electrónicos de cada unha das entidades recoñecidas por esta sede.

1. [DNI electrónico \(DNle\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#)

10. Xa teño acceso cun dos dous sistemas (CHAVE 365 ou certificado dixital). Que pasos hei de seguir?

Completas os pasos do formulario e, unha vez que remates de cubrir a solicitude (ED 416A) e agregues os arquivos anexos que che indique a aplicación informática, deberás gardar o borrador, confirmalo para verificar que todo estea correcto e, finalmente, envíalo. Neste intre a aplicación demandarache que o asines dixitalmente. Unha vez que asine dixitalmente, xerarase un código, que será o comprobante de que a túa solicitude foi presentada con éxito.





The screenshot displays two overlapping browser windows. The background window shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' page for 'ED416A - Axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún estado membro da Unión Europea, durante un curso académico, en lingua dese país.' It includes sections for 'Forma presentación' (Tramitación en liña, Iniciar presentación electrónica na sede, Presencial) and 'Datos solicitude' (Prazo de presentación: 29/01/2016, Prazo de resolución: Catro meses). The foreground window shows the 'Identificación Sede Electrónica' login page with options for 'Acceso con Chave365' (CHAVE) and 'Acceso con certificado dixital' (dni electrónico).

Presentación formato papel

11. Onde está dispoñible o formulario de solicitude?

O anexo I (ED 416A) está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).



ED416A - Axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún estado membro da Unión Europea, durante o verán, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Prazo de presentación aberto
(29/01/2016 - 14/03/2016)

Forma presentación

Tramitación en liña

Iniciar presentación electrónica na sede

Presencial

Modelo de solicitude

Datos solicitude

Prazo de presentación : 29/01/2016 - 14/03/2016.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación de Galicia e o prazo de presentación de solicitudes será o 2016.

Prazo de resolución : Catro meses

LEMBRE asinar sempre o formulario de solicitude.

de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxu@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2016, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

Secretaría Xeral do Universitario

SEDE ELECTRÓNICA. Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <http://sede.xunta.es>



12. Unha vez cuberto o formulario, onde o presento?

Podes presentalo no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela) ou ben en calquera unidade administrativa das que se relacionan a continuación:

a) Nas principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>), que son:

■ **Oficinas dos edificios administrativos (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)**, cuxos enderezos se relacionan:

- **Santiago de Compostela:** Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de San Caetano, s/n.

- **A Coruña:** Rexistro do Edificio Administrativo da Coruña, praza Luís Seoane, s/n, Monelos.

- **Ferrol:** Rexistro do Edificio Administrativo de Ferrol, praza Camilo José Cela, s/n.

- **Lugo:** Rexistro do Edificio Administrativo de Lugo, rolda da Muralla, 70.

- **Ourense:** Rexistro do Edificio Administrativo de Ourense, avenida da Habana, 79.

- **Pontevedra:** Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra, rúa Fernández Ladreda, 43, Campolongo.

- **Vigo:** Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo, praza da Estrela, rúa Concepción Arenal, 8.

Outras oficinas principais: en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Ourense (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>).

Así mesmo, o seguinte buscador (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/localizacion-das-oficinas>) facilita a localización por palabras, provincias ou concellos, das oficinas de rexistro propias da Xunta de Galicia. Ademais, a través destas ligazóns tamén se pode consultar a relación de entidades locais galegas que recollen documentación para a Xunta de Galicia (Portelo Único) ou a Administración xeral do Estado (060).

b) Nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio.

c) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.



d) Nas representacións diplomáticas ou as oficinas consulares de España no estranxeiro (<http://www.exteriores.gob.es>).

e) Calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

13. Como podo enviar a solicitude e a documentación a través dunha oficina de Correos en España?

Se realizas o envío por correo postal, este deberá ser certificado e presentarse na oficina en sobre aberto, para que o persoal de correos sele a solicitude (anexo I, ED 416A) e lle dea data de entrada. Con isto garátese que a data de remisión sexa anterior á de peche da convocatoria.

Todas as solicitudes deberán ir remitidas a:

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
Edificio Administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

Non se admiten como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxería privados.

14. Neste momento vivo no estranxeiro e vou presentar a miña solicitude en formato papel. Que rexistros son válidos ?

Dende o estranxeiro, os únicos rexistros válidos para os efectos de prazo son as representacións diplomáticas ou as oficinas consulares.





Os solicitantes que presenten a súa solicitude nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro poderán adiantarlle á Secretaría Xeral de Universidades, a solicitude co selo acreditativo da data de entrada, por correo electrónico a: orientacion.sug@edu.xunta.es.

Noutro país non ten validez a certificación postal nin a notificación de recibo.



FORMULARIO DE SOLICITUDE (ED 416A)

1. Cando se cobre a epígrafe “Na súa representación” do anexo I?

Esta epígrafe só se cobre se a solicitude (anexo I) é cuberta, asinada e presentada pola persoa que designes como representante legal (persoa que presenta a solicitude en ausencia do solicitante e no nome deste).

Nese caso, o representante legal cubriría os seus datos na epígrafe “Na súa representación” e asinaría a solicitude

The screenshot shows a web browser window displaying the online form for 'ANEXO I' (ED 416A) from the Xunta de Galicia website. The form is titled 'AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA, DURANTE O VERÁN, CO OBOXECTO DE COÑECER A LINGUA DESE PAÍS'. It contains sections for 'DATOS DA PERSOA SOLICITANTE' and 'E, NA SÚA REPRESENTACIÓN'. An arrow points to the 'E, NA SÚA REPRESENTACIÓN' section.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO: AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA, DURANTE O VERÁN, CO OBOXECTO DE COÑECER A LINGUA DESE PAÍS

CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: ED416A

DOCUMENTO: SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

HOME, PRIMEIRO APELIDO, SEGUNDO APELIDO, NIF

TIPO DE VÍA, NOME DA VÍA, NÚMERO, BLOQUE, ANDAR, PORTA

PARROQUIA, LUGAR

CP, PROVINCIA, CONCELLO, LOCALIDADE

TELÉFONO 1, TELÉFONO 2, CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

HOME, PRIMEIRO APELIDO, SEGUNDO APELIDO, NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA, NOME DA VÍA, NÚMERO, BLOQUE, ANDAR, PORTA

A sinatura da solicitude (anexo I) ten que cadrar coa identidade da persoa que aparece na epígrafe “Na súa representación”.



Por favor, rellene el siguiente formulario. No se pueden guardar datos escritos en este formulario. Imprima el formulario completo si desea tener una copia de los registros.

XUNTA DE GALICIA

PROCEDIMIENTO: AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS PARA ESTADÍAS MALGÚN ESTADO Membro da Unión Europea, durante o verán de 2016, co obxecto de coñecer a lingua dese país. CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: ED417A DOCUMENTO: REPRESENTACIÓN

DATOS DA PERSOA OUTORGANTE
NOME E APELLIDOS: RAZÓN SOCIAL: NIF:

ENDEZEZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN
TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA: NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA:
CP: PROVINCIA: CONCELLO: LOCALIDADE:
TELÉFONO: FAX: ENDEZEZO ELECTRÓNICO:

AUTORIZO A:
NOME: PRIMEIRO APELLIDO: SEGUNDO APELLIDO: NIF:

Para que en relación ao procedemento indicado exerza as seguintes facultades: facilitar a práctica de cantas actuacións sexan precisas para a instrución do expediente, achegar cantos datos e documentos se soliciten ou foran de interese, recibir todo tipo de comunicacións, formular peticións e solicitudes, presentar escritos e alegacións, manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos no correspondente trámite de audiencia ou renunciar a outros dereitos, subscribir dilixencia e outros documentos que poida realizar o órgano competente e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondentes ao así representado/a no curso do devandito procedemento.

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN
Cunha sinatura do presente escrito a persoa representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da sinatura da persoa outorgante.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de novembro, de protección de datos de carácter persoal, informábase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporaran a un fichero para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Voostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do fichero.

SINATURA DA PERSOA OUTORGANTE **SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA**

Signa e data: . . . de . . . de . . .

Modelo de representación

Este documento ten que ser obrigatoriamente asinado pola **persoa outorgante** –solicitante representado– e pola **persoa autorizada** –representante do solicitante–.

2. Debo cubrir con carácter obrigatorio a declaración responsable que aparece no anexo I (continuación)?

Si, debes cubrila tanto no caso de non ter solicitada ningunha outra axuda para este mesmo proxecto como se solicitaches ou se che concedera outro tipo de bolsa para a mesma finalidade.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 Non solicitou nin se lle concederon ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ESTADO (1)	IMPORTE (€)

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicábase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DEHEGADA.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.

7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
 Copia do DNI da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.